

Informo que a Secretaría Xeral de Igualdade abriu o prazo de solicitude para a concesión das axudas económicas para mulleres vítimas de violencia de xénero.

OBXETIVO

Proporcionarlle un apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero a través das axudas previstas na Lei Orgánica 1/2004 e facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial a unha indemnización ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, que lles correspondan polos danos e perdas ocasionados como consecuencia da dita violencia.

REQUISITOS

- 1 Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero
- 2 Non convivir co agresor.
- 3 Estar empadroadada e residir en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma. No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter o permiso de residencia e de traballo.
- 4 Ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do Servizo Público de Emprego.
- 5 Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 % do SMI vixente, excluída a parte proporcional das pagas extras.

TIPOS DE AXUDAS E CONTÍAS

- **Axudas dirixidas a mulleres vítimas de violencia de xénero que acrediten insuficiencia de recursos e unas especiais dificultades para obter un emprego.** O importe da axuda será, con carácter xeral, equivalente a seis meses de subsidio por desemprego, incrementándose ata un máximo equivalente a 24 meses nos supostos de ter responsabilidades familiares ou ter recoñecida tanto ela coma o familiar con que conviva unha discapacidade.
- **Axudas de indemnizacións** dirixidas ás mulleres que sofren violencia de xénero e todas as persoas que dependan económica e/ou asistencialmente delas. A contía da indemnización será a fixada pola correspondente resolución xudicial, pendente de pagamento pola declaración de insolvencia do obrigado a abonala. A contía máxima é de 6000€ por persoa beneficiaria.

LUGAR DE PRESENTACIÓN: Departamento de Servizos Sociais comunitarios do Concello de Oroso. Rúa do Deporte, baixo, Sigüeiro. CITA PREVIA no télf: 981-688950

HORARIO: Luns, mércores e venres de 9:30 a 13:30.

PRAZO DE SOLICITUDE: Existen dous prazos, para as indemnizacións ata o 31 de outubro do 2014 e para as axudas ata o 30 de novembro de 2014.

MÁIS INFORMACIÓN: Resolución do 16 de abril do 2014 da Secretaría Xeral de Igualdade. *Diario Oficial de Galicia* núm. 77 do 23 de abril do 2014

Oroso, 24 de abril de 2014

O alcalde – presidente

Manuel Mirás Franqueira

